

EXPE: 6073/2018

ASUNTO: IV Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero

RESOLUCIÓN

D. Xosé Represas Giráldez, Alcalde-Presidente do Concello de Ponteareas, de conformidade coas atribucións da normativa vixente, sobre o asunto relacionado e en exercicio das atribucións que me confire a lexislación local vixente en materia de Réxime Local, e en base ós seguintes antecedentes

ANTECEDENTES:

Vista a proposta dá Sra. Concelleira de Igualdade, quen presenta as Bases Reguladoras, así como a convocatoria do “IV Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero”, tal como se detallan a continuación:

=====
=====

1.OBXETO:

O Centro de Información á Muller (CIM), dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Ponteareas, convoca o “IV Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero”. Este concurso pretende mobilizar a sociedade, e máis concretamente, o ámbito educativo, en contra da violencia de xénero e facela participe no deseño da campaña de sensibilización que o Concello de Ponteareas lanzará co motivo do 25 de novembro “Día Internacional Contra a Violencia de Xénero”.

2.TEMÁTICA:

O tema dos debuxos deberán estar relacionados coa loita contra a violencia de xénero en tódalas súas manifestacións, como son:

-Violencia de xénero no ámbito das relación de parella.

-Violencia de xénero no ámbito laboral: acoso sexual e acoso por motivo de xénero.

-Prostitución: trata e tráfico de mulleres con fins de explotación sexual.

-Violencia de xénero asociada a outras culturas: mutilación xenital feminina, matrimonios forzados, abortos selectivos...

Éstos poderán ir acompañados dunha frase do autor ou autora en galego (non deben exceder as vinte palabras) que exprese a súa visión ou opinión sobre a violencia machista e deberá ser coherente co deseño presentado.

3.PARTICIPANTES:

Alumnos/as de primaria e secundaria dos centros educativos do Concello de Ponteareas. Se establecerán as seguintes categorías:

-Categoría de Primaria: alumnos/as escolarizados/as nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º.

-Categoría de Secundaria: alumnos/as de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

4.MODO, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Os debuxos/pinturas deberán realizarse nun soporte concreto de tamaño A4 a unha soa cara. A técnica do debuxo será libre.

Cada nena/o poderá participar cun único debuxo e este non puido ser presentado noutros concursos.

Os traballos poderanse entregar dende o día 8 ate o 29 de outubro nas secretarías dos centros onde os/as alumnos/as participantes cursan os seus estudos.

Os traballos deberán levar escrito ó dorso en letra ben clara, os seguintes datos:

-Nome e apelidos.

-Idade.

-Curso.

-Centro educativo.

-Domicilio completo.

-Teléfono de contacto.

É imprescindible que os pais/nais ou titores legais firmen a autorización na que consinten a participación do menor, aceptan as bases e outorgan a súa conformidade o exposto nas mesmas (Anexo I).

5. PREMIOS:

Se outorgarán tres premios por categoría, consistentes en:

-1º Premio: Tablet.

-2º Premio: vale de compra por valor de 50€ en material escolar nun establecemento comercial de Ponteareas.

-3º Premio: material escolar.

Todos os debuxos participantes no Concurso serán incluídos na campaña de sensibilización que o Concello de Ponteareas lanzará co motivo do 25 de novembro “Día Internacional Contra a Violencia de Xénero”.

6. XURADO:

O xurado estará composto por profesionais da publicidade, deseño, arte e cultura, encargados de elixir os tres traballos gañadores, clasificándoos como primeiro, segundo e terceiro premio en cada categoría.

Os resultados publicaranse na páxina web do Concello, a partir do día 12 de novembro, comunicándose aos gañadores.

A entrega dos premios terá lugar nun acto organizado polo Concello de Ponteareas para conmemorar ese día, comunicándose directamente ós/as participantes e gañadores/as o lugar e a hora de tal acto.

7. DEREITOS SOBRE AS OBRAS E PROTECCIÓN DE DATOS:

A participación no concurso implica que todos os traballos dos/as concursantes pasarán a formar parte do arquivo do Concello de Ponteareas e cesión de forma gratuíta o Concello dos dereitos de explotación destes: reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras presentadas previstos na lexislación sobre Propiedade Intelectual, todo isto sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación de Propiedade Intelectual.

Os/as concursantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas, nin reclamación algunha por dereitos de imaxe.

De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, se informa que os datos persoais obtidos para a participación no concurso se incorporarán a un ficheiro responsabilidade do Concello que ten por finalidade a xestión do presente concurso de debuxo.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA PARTICIPAR NO “IV CONCURSO DE DEBUXO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

D^a./D. _____
_____, con D.N.I. nº _____ Pai /Nai / Titor
da _____ /o
alumna/o _____

autorizo a/o miña/meu filla/o, a participar no “IV Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero” organizado polo Concello de Ponteareas, aceptando así mesmo as bases e outorgando a conformidade o exposto nas mesmas.

Ponteareas, de de 2018

A /O nai/pai, titora/titor, da/o alumna/o

Asdo: _____

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras do IV Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero , nos termos en que figuran no expediente.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das Bases reguladoras do concurso no *taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Municipio*, para dar coñecemento das mesmas e posibilitar calquera tipo de observación respecto diso.

TERCEIRO. Aprobar a realización do IV Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero que levará a cabo entre os días 8 e 28 de outubro, segundo as disposicións contidas nas bases do concurso.

CUARTO. Aprobar o gasto orzamentario que leva o concurso e solicitar que polo Interventor municipal se faga a retención de crédito correspondente.

Mándao e asíno Don Xosé Represas Giráldez, Alcalde-Presidente do Concello de Ponteareas.

Asinado dixitalmente